

LÎLÂTEATRO
PRESENTA

PÚBLICO: ADULTO
DURACIÓN: 70min
DRAMATURXIA: LÎLÂ TEATRO
DIRECCIÓN: LINES GG
ESPAZO ESCÉNICO: LÎLÂ TEATRO
ILUMINACIÓN: L.MANZANO
VESTIARIO: ILLA ARES

lilateatro.com
lila@lilateatro.com
676452878



DIOGENES

ἐν οἶδα ὅτι οὐδέν οἶδα



“Diógenes” describe unha intensa viaxe cara ó nebuloso abismo da psique. Un singular proceso expiativo tras unha extraordinaria vivencia que confronta o ego, obrigando a unha análise das propias paixóns dende un lugar de contemplación.

O despertar da conciencia a través da consciencia evoca a eterna disputa respecto ó vínculo existencial entre virtude e felicidade, e exige levar á práctica todo o coñecemento atesourado e máis aquela sabedoría innata que busca constantemente a ledicia do ser.

Dicía Sócrates que todos os seres humanos na súa esencia ansían acadar a Eudaimonía, entendida como pureza espiritual.

“Diógenes” abarca o concepto de alma partindo do hedonismo, nun intento de desvelar a arte de vivir en liberdade fronte o materialismo e as aparencias. A proeza de fraguar o propio destino dende o libre albedrío.

Esta é a fabulosa historia dun cínico do século XXI en contra dun poder arrogante que insiste en desacreditar deliberadamente os valores existenciais coma fundamento para a comprensión do mundo.